




# COSTA DE RIBADEO, A RÍA Da Illa Pancha ás Aceas



Adela Leiro, Mon Daporta  
agosto 2020



**Distancia:** 6,5 km (lineal) 14 km (ida e volta)  
**Dificultade:** baixa

O concello de Ribadeo está situado entre o mar Cantábrico e a marxe esquerda da ría e o río Eo que fai de lindeiro natural con Asturias.

A fenda pola que sae ao mar o río Eo racha a chaira da rasa Cantábrica e escava nela unha canle creando, a unha e outra beira, unha liña de cantís de entre 10 e 20 m de caída, recortados e con numerosos pequenos seos, puntas e rochas soltas, na zona de máis influencia do mar (ata pasar a ponte dos Santos) que seguen a conservar a verticalidade e incluso a gañar altura ata máis alá da vila. A variedade de formas e os elementos que as compoñen, polo número de puntos de interese diverso que se atopan ao percorrer o espazo e pola facilidade, ao que axudan os tramos acondicionados, coa que se pode andar, fan do traxecto un lugar moi aproveitábel para unha camiñada. Este percorrido está considerado Sendeiro Azul desde 2012 (os sendeiros azuis enlazan, atravesan ou saen de lugares distinguidos con Bandeira Azul)



Mencer na Ría de Ribadeo



**A Ría de Ribadeo ou do Eo** é alongada e estreita (10 km de lonxitude e 800 m de anchura media). Ábrese aproveitando unha falla con orientación N-S entre a Punta da Cruz en Asturias e a Illa Pancha en Ribadeo. É unha ría case rectilínea, con algúns entrantes na parte asturiana, que está limitada por unha costa de cantís rochosos de lousas, xistos e areiscas.

O curso baixo do Eo forma chairas aluviais moi planas e terrazas dando lugar a un esteiro de extensas marismas que quedan ao descuberto na baixamar.

É unha área con importantes valores ecolóxicos onde podemos atopar varias zonas diferenciadas cos seus ecosistemas específicos: a costa rochosa da boca ría, a ría e o esteiro. É unha importante área de cría e descanso para as aves acuáticas.



Ribadeo e Castropol, nas beiras galega e asturiana da ría.



A sedimentación das áreas que trae o mar e dos materiais achegados polo río da a lameiros e bancos de area (tesos) que quedan ao descuberto ao debalar o mar.



A ría do Eo, ou de Ribadeo é unha importante área de cría e descanso para as aves acuáticas: lavanco real, cerceta real, pato rabilongo, pato asubiión, ganso cabecinegro, avefría, mergullóns, garza real, garzota, cullereiro, aguia peixeira, mazarico galego, mazaricos, biluricos, píllaras, pilros..

É unha das áreas de descanso máis importantes para as aves invernantes entre as que se atopa a maior concentración de patos rabudos (*Anas acuta*).

A Ría do Eo conta con numerosas proteccións:

-**"RESERVA DA BIOSFERA RÍO EO, OSCOS E TERRAS DE BURÓN"** (Unesco o 17 de setembro de 2007), espazo conxunto con Asturias que destaca polo seu valor mediambiental e paisaxístico.

-**LIC/ZEC "RÍA DO EO"**. Espazo de 614 ha na ría de Ribadeo, nos concellos de Ribadeo e Trabada.

-**HUMIDAL DE IMPORTANCIA INTERNACIONAL** (Convenio RAMSAR -563,44 ha) **"RÍA DO EO"**

-**ZONA DE ESPECIAL PROTECCIÓN PARA AS AVES** (ZEPA ), **"RÍA DE RIBADEO"**

-Está incluída no Inventario de **ÁREAS IMPORTANTES PARA AS AVES** da Sociedade Española de Ornitoloxía (SEO/BidLife).





## PERCORRIDO

Comezamos no aparcamento ao pé da **illa Pancha** para ollar a contorna e a costa exterior e desde alí pola estrada da beira do mar, e collendo nela os desvíos que creamos oportunos para achegarnos a ver detalles da beira, imos pasando polo seo do **Porto dos Cochos**, a **Pena dos Apóstolos**, antes de virar ao pé das **Carraias** e a punta da **pena Furada** para descubrir a ponte dos Santos e o Cargadoiro, e chegar ao **forte de San Damián**, onde deixamos a estrada para continuar polo camiño desde o que podemos acceder ás **praias do Cargadoiro** e ao propio peirao polo que se embarcaba o mineral e o ferro que traía o tren desde as minas da Pontenova. Seguindo o camiño logo pasamos por debaixo da **Ponte dos Santos** para chegar á **capela de San Miguel**, un fermoso miradoiro sobre o porto deportivo do **Porcillán**, ao pé da que se atopan as escaleiras que nos permiten achegarnos a el, e continuar pola beira do mar, polo paseo marítimo, para ir polo porto pesqueiro e á beira do porto comercial de **Mirasol**, camiño do seguinte punto de interese, o amplo espazo acondicionado para o lecer que se atopa detrás da instalación portuaria e que serve de acceso á **praia dos Bloques**. De aquí en diante a ruta deixa o asfalto para seguir un camiño acondicionado que primeiro rodea a **enseada de Vilavella**, no fondo da que se atopa o clube de remo de Ribadeo, que ocupa o que foi unha factoría de tratamento de algas, e continúa paralelo e por debaixo da estrada ata as **aceas de Ove**, uns muíños de marea que se alimentaban coas augas que se retiñan no pequeno seo do esteiro que forman un par de regatos, atrancando a súa saída ao mar.

A volta, de ter que facela, é polo mesmo camiño, pero en chegando ao fondo da enseada de Vilavella, podemos seguir pola estrada e achegarnos ao centro da vila para ver o mosteiro de Santa Clara que ten a súa orixe no século XI, a praza, e ruar un pouco para coñecer a vila e ver algunhas das súas construcións máis destacadas antes de saír de novo ao pé do porto deportivo para retomar alí o camiño á illa Pancha.

Illas Pancha. Marca o límite oeste da Ría de Ribadeo. O vello faro estivo activo desde 1860 ata 1983, data na que entrou en funcionamento o novo, cun alcance de luz de 21 millas náuticas.



Cantís na Pancha.





Porto do Cocho



Pena dos Apóstolos



Vista da Pena dos Apóstolos coa illa da Pancha ao fondo



As Carraias, na boca da ría



Pena Furada




Forte de San Damián







Banda oeste da ría de Ribadeo, desde a praia do Cargadoiro ata a illa Pancha



Antigo cargadoiro de mineral no Porto Estreito. O mineral era transportado por ferrocarril a través dunha liña ferroviaria duns 32 km de longo, que a comezos do século XX conectaba Ribadeo cos fornos da zona mineira de Vilaodríz, na Pontenova.



Ponte dos Santos.



Porto do Porcillán desde a capela de San Miguel



**RIBADEO.** A vila de Ribadeo é un importante centro comercial e industrial e eixo dos servizos da comarca. Conta cun porto comercial, pesqueiro e deportivo. Foi fundada no ano 1183 polo rei Fernando II. O seu centro histórico é rico en edificios civís. Un paseo permite percorrer toda a contorna costeira.





Porto pesqueiro



Praia dos Blocos



Enseada de Vilavella e casa das Algas



As Aceas

